



LUÍSA VILLALTA
SONETO EN CLAVE DE LÚA
IES MONELOS



Índice

1. PRESENTACIÓN.....	2
2. NOTAS BIOGRÁFICAS SOBRE LUÍSA VILLALTA.....	3
3. ACTIVIDADE COÑECEMOS A LUÍSA!.....	6
3. CORUÑA COSMOPOLITA.....	7
ACTIVIDADE DESCUBRIMOS A NOSA ZONA E A SÚA VIDA.....	7
ACTIVIDADE RUTINA DIARIA.....	8
ACTIVIDADE EN CORUÑA TAMÉN HAI MOVIDA.....	9
4. SONETOS, LITERATURA, VIDA.....	10
ACTIVIDADE “SINTO EN MIN A VIVIDEZ DA REALIDADE”.....	11
ACTIVIDADE TRABALLO SEN DESCANSO.....	11
ACTIVIDADE POESÍA DE POESÍA.....	12
ACTIVIDADE “PENSAR É ESCURO”.....	12
ACTIVIDADE “A VIDA VIVIDA”.....	13
ACTIVIDADE MUNDOS CONTRAPOSTOS.....	13
ACTIVIDADE A VANGARDA.....	15
5. AUTOPOÉTICA.....	16
ACTIVIDADE “UNHA PREOCUPACIÓN POLO DEVIR”.....	16
6. TRADUCIÓN, UN CAMIÑO.....	17
ACTIVIDADE TRADUTORAS.....	17
7. MÚLTIPLES MIRADAS NUNHA MESMA VIDA.....	18
ACTIVIDADE VISIONADO DOCUMENTAL SOBRE LUÍSA.....	18
ACTIVIDADE DENDE O MÁIS ALÁ.....	18
ACTIVIDADE O MARCO LITERARIO.....	19
ACTIVIDADE HOMENAXE LUÍSA E XELA.....	19
ACTIVIDADE ADICATORIAS, SEMPRE EN PROSA.....	20
8. TEMPUS, HISTORIA.....	21
ACTIVIDADE PRESTIGE E PELLETS?.....	21
ACTIVIDADE GUERRA DE ISRAEL E PALESTINA.....	22
9. MÚSICA MAESTRA!.....	22
ACTIVIDADE TODO VAI DE GUSTOS.....	22
ACTIVIDADE ORQUESTRAS DE CATRO CORDAS.....	23
10. A INMORTALIDADE DA FOTOGRAFÍA.....	23

ACTIVIDADE COLLAGE.....	23
ACTIVIDADE SORRÍ PARA A FOTO	24
ACTIVIDADE LUÍSA NENA E ADULTA.....	24

1. PRESENTACIÓN

A seguinte unidade didáctica leva por título “Soneto en clave de lúa”, facendo un xogo de imaxes que nos pode recordar ao ton tan característico da autora Luísa Villalta, onde vinculamos: intimismo, música e, por suposto, poesía. O obxectivo principal desta unidade didáctica é dar a coñecer a vida e obra da homenaxeada facendo un traxecto dende a súa infancia ata as súas homenaxes póstumas, todo respectando o contexto socio-cultural de principios do século XXI.

Os exercicios que propoñemos nesta unidade serven de reforzo e ampliación ao aprendido durante a exposición dos carteis, que están artellados de tal forma que o título de cada un é un verso da autora que ilustra o contido que se vai desenvolver durante a lectura. Así, en cada encabezamento atopamos un código QR onde podemos escoitar os recitados dos poemas e, desta forma, adentrarnos na poesía mentres aprendemos o contexto. Recadamos nesta exposición información relevante á Coruña da época, á súa literatura, vida, obra, homenaxes e inquietudes políticas e literarias.

Non debemos esquecer que a presente exposición foi creada por e para o alumnado da ESO, bacharelato e formación profesional e ensinanzas de Ensino especial. Desta forma, cremos convinte destacar que o estudiantado pode aprender non só de lingua, senon tamén de música, arte e historia.

2. NOTAS BIOGRÁFICAS SOBRE LUÍSA VILLALTA

María Luísa de la Esperanza Villalta Gómez naceu na Coruña o día 15 de xullo de 1957, no número seis da rúa de Laxe. A súa familia consta dos seus pais María del Carmen e Rafael e máis a súa irmá Susana. O ambiente familiar foi ledo e agarimoso. Neste ambiente, adéntrase nos estudos académicos na mesma cidade onde naceu e comeza o Ensino primario, seguido do Ensino Medio no instituto nacional femenino de Ensino Medio Eusebio da Guarda. Remata COU no 1974 coas máximas cualificacións e nese mesmo ano decide comezar Filoloxía Hispánica onde escolle a Subsección de Galego-Portugués. Rematou en 1982, non obstante, decide cursar tamén a Subsección de Filoloxía Hispánica e así ter unha dobre licenciatura.



Paralela
mente aos
seus estudos
comeza coa
súa formación
no
Conservatorio
Superior de

Música da Coruña (1977-1983) na categoría de violín. Consegue así o seu título superior e chega a formar parte da Orquestra de Santiago de Compostela e, despois, da Xove Orquestra de Galicia.

Un 19 de abril de 1978 casa co músico e escritor Paulino Martínez Pereiro. Permaneceron casados 20 anos, xa que en 1998 deciden divorciarse de mutuo acordo. Durante estes anos gaña o seu primeiro premio o *I Certamen Literario da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela* con “Poema cíclico para soprano e cuarteto de corda”, poema que formará parte dunha das súas obras *Música reservada*.

Tamén, en 1988 aproba as oposicións con apenas 30 anos, sendo así profesora de Lingua galega e literatura. En 1991 consegue un traslado para a vila de Sada, ao Instituto de Ensino Secundario Isaac Díaz Pardo. Durante esta época colabora na elaboración de distintos manuais escolares como: *Actividades de léxico I e II* (1990), *Actividades de expresión oral e escrita* (1990) ou *Actividades de construción gramatical* (1991). Ademais, tamén colabora na revista “Agalia”, onde publica os seus primeiros poemas de *Música reservada*, obra que non verá a luz ata 1991.

Comeza así a súa traxectoria como poeta e artista tendo unha extensa cantidade de obras creadas, tanto de poesía como de narrativa, teatro, ensaio e traducións.

Destacamos da súa obra poética: *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995), *En Concreto* (2004) e *Papagaio* (2006) obra creada xunto con fotografías de Maribel Longueira. Da súa obra narrativa destacamos: *Teoría de xogos* (1997), *As chaves do tempo* (2001), *Esperta do teu sono* (2002).

De teatro: *As certezas de Ofelia* (1999), *Os dóce anos da guerra* (2001). De ensaio: *O Con Hamlet de Cunqueiro: Unha ecuación teatral* (1992), *O outro lado da música, a poesía* (1999) e *Libro de colunas* (2005). Finalmente, constan as súas traducións con: *Manifesto por un novo teatro* de Pier Paolo Pasolini (1994) e *Mandrágora* de Niccolo Macchisvelli (1998) xunto con Francisco Pillado, amigo da autora.

Podemos destacar desta maneira a increíble traxectoria como artista e o seu grande ímpetu pola creación literaria e a literatura. En 1993 forma parte da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega ata 2001.

Non obstante, ademais de ter grande preocupación pola literatura da época, Luísa Villalta non deixou atrás as causas sociais e políticas, colaborando en proxectos vinculados á loita dos galeguistas no 1936, o emprego e dinamización da lingua galega, o Prestige e a guerra entre Palestina e Israel.

Desgraciadamente, no amencer do día 6 de marzo, a autora morre a causa dun ataque fulminante de meninxite que acabou por pararlle o corazón con tan só 46 anos.

Debido a este tráxico feito, homenaxeouse a figura de Luísa Villalta de múltiples formas, entre elas mediante un certame literario co seu nome no instituto de Sada, unha convocatoria de premios literarios na Universidade da Coruña, un evento-homenaxe á súa figura, unha convocatoria da AELG chamada *De música: a palabra* e unha xornada literaria no 2014, onde se homenaxeaba a súa figura xunto coa da poeta Xela Arias, autora que tamén sufriu dun tráxico e recente final.

Finalmente, o constante traballo e adicación á literatura de Luísa deixou como froito moitas obras no prelo que se tiveron que publicar de maneira póstuma: *As palabras ingrávidas* (2020) e *Pensar e escuro* (2023).

3. ACTIVIDADE COÑECEMOS A LUÍSA!

Propómoste o primeiro reto deste percorrido literario (CARTEL 2). Para completar este exercicio debes ler por completo a exposición sobre Luísa Villalta. Unha vez realizado o percorrido debes buscar dez palabras relacionadas coa súa vida e obra. Adiante!

Solucións: Luísa, profesora, violín, Coruña, poesía, Sada, escritora, conservatorio, villalta, música.

3. CORUÑA COSMOPOLITA

A Coruña foi para Luísa Villalta un dos seus eixes de pensamento, sobre todo vinculada á vida cosmopolita daquel entón, ao axetreo. Luísa destaca nalgúns dos seus poemas o barrio do Papagaio (CARTEL 3-O PAPAGAIO), zona que hoxe en día non existe co mesmo nome e onde era común o ambiente obreiro.



ACTIVIDADE DESCUBRIMOS A NOSA ZONA E A SÚA VIDA

- Agora que sabes que o Papagaio era un dos barrios escollidos por Luísa Villalta, tócache realizar unha obra sobre o teu propio barrio/vila. Busca información sobre el, cantos artistas viven ou viviron nel? Cal é o emprego máis habitual e cal é o seu edificio máis emblemático?
- Unha vez realizada a primeira parte, agora escoita e le o poema vinculado ao cartel 3 “Cidade compacta”. É un caligrama sobre a torre de Hércules. Con toda a información sobre o teu barrio ou vila, elabora ti un caligrama tomando como referencia un debuxo simple sobre o edificio emblemático da túa zona.
- Elabora a rutina diaria da xente da túa zona. Toma como referencia dúas zonas concurridas, unha onde resida xente de clase social alta e outra baixa. Cales son as diferencias que atopas?

ACTIVIDADE RUTINA DIARIA

- Como todos, Luísa Villalta tamén tiña unha rutina marcada. Le o seguinte texto e responde ás seguintes cuestións:

Desperta do teu sono

Cada mañá, os antepasados marchan descalzos para non despertarnos, como un último xesto de amor.

Eu xa non teño memoria do silencio puro, o silencio que sobresaleta. A dicir verdade, todo está ben tapizado e antes de que me dé conta xa sei que vou escorregando polo sonido de agua nas cañerías, sei tamén que se me prenden os dedos entre os renxidos da cama e escoito a voz avisarme, desde dentro, de que o despertador inútil está a punto de saltar. A luz repentina forma parte dunha escena ensalada, a escena do bocexo sen sorpresa, que non sei cando terei que representar definitivamente, mais eis que se me indica unha vez máis, desde o fondo escuro da platea, para seguir adiante. O corpo transfórmaseme entón no dunha persoa que ten algo que facer, algo tan preciso como o insecto instalado no teito desde non se sabe cando, instalado, posibelmente morto, metamorfoseándose sen dilación, patas arriba, nunha mancha endelébel na pintura. (...)

- Cal é a idea principal do texto?
- As rutinas son algo tedioso ou gratificante neste texto? Xustifica a túa resposta
- Fíxate na última parte do texto, cando fala do insecto que está instalado no teito. Agora fai unha pesquisa sobre *A metamorfose* de Kafka e sinala se estamos diante dunha referencia literaria.
- Elabora ti un texto onde esclarezas cal é a túa rutina e se che fai sentir realizado ou é un tedio.

ACTIVIDADE EN CORUÑA TAMÉN HAI MOVIDA

Na Coruña, durante a década dos 2000 apareceron moitos grupos coruñeses que tocaban e alzaban elementos da cidade e facían unha crítica reflexiva

sobre o momento. Podemos destacar neste caso ao grupo **Os diplomáticos de Monte-Alto**.



- Imaxina que formas parte da banda de música máis famosa do teu barrio/vila. Cales serían as vosas referencias? A que persona coñecida lle adicariades unha canción?

Durante o ano 2023 elaborouse a película **Salta!**. Está ambientada na década dos 90 na cidade da Coruña. Resulta moi interesante dado que aparecen nel distintos barrios da Coruña.

- Investiga cales son os barrios que aparecen na longametraxe e debatide sobre que é para vós facerse adulto e que é o máis importante na vida.

4. SONETOS, LITERATURA, VIDA

Podemos destacar da literatura de Luísa o verso culto, os sonetos, o intimismo e a vangarda. Destacamos neste caso referencias a Manuel Antonio e a importancia do símbolo (CARTEL 4-SÓS E O SÍMBOLO)

ACTIVIDADE “SINTO EN MIN A VIVIDEZ DA REALIDADE”

- Elabora un videopoema sobre a seguinte composición "Sinto en min a vividez da realidade"

Sinto en min a vividez da realidade,
vividadez de loito branco
como a dos hospitais.
Branca é a dor do afastamento
e a soidade
que non recupera mais que para dentro
como campo valeiro que espera ser plantado
por aves que retornen ás súas árbores
silenciosas nas sombras despovoadas

- O poema fala da representación da cor branca, que para ela ten un ton de soidade e melancolía. Cal é a túa cor favorita? Busca en Internet que significado ten e intenta realizar un poema sobre el.

ACTIVIDADE TRABALLO SEN DESCANSO

- Luísa realizou moitos estudos e obras nun período de tempo moi breve (CARTEL 5-NARRATIVA E TRADUCIÓNS, POESÍA E TEATRO E OUTROS XÉNEROS). Fai dúas eixes cronolóxicas, unha cos acontecementos da súa vida e outra coas súas publicacións literarias. Que acontecementos coinciden no período?

ACTIVIDADE POESÍA DE POESÍA

- Luísa Villalta era unha férrima defensora da cultura portuguesa. Tanto é así que "As palabras ingrávidas" son unha serie de textos poéticos onde a escritora se deixaba influenciar por poemas en portugués e acto seguido deellos realizaba ela un poema que o acompañaba (como podemos escoitar no QR do CARTEL 6). Agora, cal é o teu autor de poesía favorito? Ao igual que en "As palabras ingrávidas" escolle un poema e escribe ti unha composición deixándote evocar á peza literaria escollida. Deixate levar polas túas vivenzas persoais, sentimentos que che evoque etc.



ACTIVIDADE “PENSAR É ESCURO”

Analiza o seguinte poema "Pensar é escuro" (CARTEL 5-POESÍA):

Pensar é escuro

como un muro de sombra imerecida:

o outro lado o sol, sempre ao outro lado,

lonxe, infinitamente lonxe

desta xanela á que rebota estremecida
a confusión que por min padece o ar,
e as auséncias que proxecto como sombras
dalgún min que eu non decido.
Pensar, pensar como en lexión
de criaturas espantosas que arrebatan
as explicacións mais simples da loucura.
E é así, porque a razón é tráxica,
como tráxico é calquer fin último,
calquer destino ao que se aboca a vida.

- Atopa tres metáforas no texto.
- Analiza a métrica e rima.
- Que significa "pensar" para a voz poética do texto?
- Moitas veces pensar é un exercicio de reflexión sobre o vivido e o que queda por vivir. Que inquietudes che fai sentir o futuro? Cales son as cousas que che gustaría cambiar do pasado?

ACTIVIDADE “A VIDA VIVIDA”

Escoita o texto "A vida vivida" pertencente ao CARTEL 9 e analiza a composición. Para iso responde as seguintes cuestións:

- Cal é a temática do texto?
- Sinala a enumeración presente.

- Que significado teñen os versos "A vida non é máis que un substantivo" e "O substantivo vai-se en verbo"? Que vén antes o substantivo ou o verbo?
- Para ti que é máis importante "vivir" ou "entender"?
- Pescuda información sobre Vicente Huidobro. A que obra pertence a cita que aparece na composición?

ACTIVIDADE A VANGARDA

Na obra de Luísa hai certas referencias ao surrealismo (Manuel Antonio)(CARTEL 4-SÓS), pero tamén podemos atopar algunha referencia relacionada ao surrealismo español. Le o seguinte fragmento e responde as cuestións:

"O océano e as ondas"

Na praia, através do relóxo roto do sol, acumúlase a substancia remontando o seu propio peso, riza-se en desexo puro, estremece, e rompe deixando a desvestida pel brillante da água sobre a area. E outra vez, outra vez, a bandeira ondula un rizo apenas, a visión e inmediato olvido para, cansado, esgotar longamente o seu retorno. (...)

- Busca sobre a vida e obra de Salvador Dalí e intenta atopar unha imaxe do texto que se repita con algún dos seus cadros.
- Agora le o seguinte texto e busca outra imaxe que se repita entre o texto de Luísa e a película "El perro andaluz". En que se diferencian?:

FORMIGAS. Baixo os pés, son formigas de camiño ao azúcar da lingua, de camiño ao encontro brevísimo en que ruxen estes diminutos nomes envenenados de utilidade, un terror comun, infinito, subliñado, as formigas palabreando o noso corpo inteiro, dos pés á lingua e da lingua aos pés con que as matamos, baixo os pasos, os nosos propios pasos encadeados.

- O verso "E ficamos sós/ mar e silencio" a que poeta galego mariñeiro nos evoca?

Observa o seguinte caligrama (CARTEL 4-CALIGRAMAS) de Luísa Villalta:

S A T O R

A R E P O

T E N E T

O P E R A

R O T A S (Fórmula máxica pompeiana)

- Busca por Internet algún outro exemplo de caligrama parecido e expono na clase. Se te atreves, podes crear ti un cos teus recursos!

5. AUTOPOÉTICA

Existe unha temática poética que trata de que os autores falen sobre a súa poesía, de como é o seu proceso creativo e que significa para eles a literatura, chámase

"autopoética".



ACTIVIDADE “UNHA PREOCUPACIÓN POLO DEVIR”

Le o seguinte texto sobre autopoética de Luísa Villalta:

"Sobre un certo estado de conciencia"

Non se me pida unha análise ou interpretación da miña poesía na mesma medida en que analizo e interpreto a literatura que me é dado ler, porque nada do meu é produto da análise nen da predeterminación, senón tan só da vontade de expresar un modo de comprender o mundo e comprenderme eu mesma a comprender o mundo.

Comprender: un verbo menos abstracto e intelectual do que parece. Máis sutil e completo que "entender", menos fráxil e evanescente que "sentir" e, á vez, un verbo que, por natureza, os "comprende" ambos. Un verbo ao que me está levado toda a vida dar cumprimento.

Comprender é un estado de conciencia orixinado por un desarranzo na concepción previa do mundo e produce, como consecuencia, a irrupción dunha expresión. En min este estado de conciencia fai ferver, por veces durante moito tempo, un magma informe que busca unha forma e, cado por fin a adopta, resulta unha forma que se podería ouvir: unha melodía, melodías contraponteadas, harmonías e disonancias (e non esquezamos que "ouvir" tamén está comprendido nos verbos "entender" e "sentir"). Destas melodías constrúo a miña "palabra melódica" que, penso, é toda poesía e, portanto, tamén a que eu fago.

O estado de conciencia a que me refiro parte en min da interpretación musical. Non abonda con ler unha partitura, como non abonda desenvolver as pautas elementais para vivir. A melodía que soa no violino xorde dun acto continuo da vontade (elexer uns movementos, depurar a intención e os seus resultados). Exercicio da vontade que se obedece a si mesma para producir unha forma coherente e significativa. Desta mesma vontade nace a palabra, como van nacemento estas mesmas palabras, agora, que ben sei nunca abondarán como explicación daquilo (facer poesía?) que non se vai deixar explicar.

Por suposto, nalgunhas permanecen os temas. Pero os temas son o máis impersoal do traballo poético. Os temas son moi poucos. A vida e a morte. Talvez só a vida (ou só a morte). Sexan os que foren, nas súas infinitas variacións poden encontrarse nas Enciclopedias, nos libros de Historia ou (e non é raro) de Teoría Matemática, na información diaria que nos fai deglutir a realidade, en cada ocasión en que se ten a certeza de estar vivendo. Os temas non son meus, son o mundo mesmo. E, á vez, o mundo mesmo son eu. O tema é o que me fai a min comunidade: unha preocupación polo devir da humanidade, unha maneira galega de ser humana, unha preocupación polo devir de ser galega.

- Que é para a autora o proceso creativo e que significa para ela a poesía?

6. TRADUCIÓN, UN CAMIÑO

Luísa adicou parte do seu tempo a traducir obras ao galego (cartel 5-NARRATIVA E TRADUCIÓNS), entre elas *Manifesto por un novo teatro* de Pier Paolo Pasolini (1994) e *Mandrágora* de Niccolo Macchisvelli (1998).

ACTIVIDADE TRADUTORAS

- Pesquisa información sobre as traducións que realizou Luísa Villalta. Cales son os pros e contras de ser tradutor dunha obra literaria moi coñecida?
- Se tiveras que traducir unha obra, cal sería? Fai unha exposición sobre a obra literaria en cuestión.

7. MÚLTIPLES MIRADAS NUNHA MESMA VIDA

Luísa Villalta tivo conexión coa maioría do círculo literario coruñés e, de feito, colaborou en moitas iniciativas (creación de manuais e proxectos artísticos) como podemos observar no CARTEL 7-O ENSINO. Para todos eles, Luísa deixou unha pegada na literatura galega moi importante.



**ACTIVIDA
DE
VISIONAD
O**

DOCUMENTAL SOBRE LUÍSA

Suarez Picallo Audiovisuais creou un documental sobre a vida e obra de Luísa Villalta, onde podemos observar varias das persoas que a coñeceron en vida (<https://www.youtube.com/watch?v=1YKzhUo2PDE>).

- Visiona o seguinte documental sobre Luísa Villalta e escolle dez adxectivos que os entrevistados empregaran para definir a Luísa. Acto seguido, analiza tales adxectivos gramaticalmente.

ACTIVIDADE QUE LLE DIRÍAS A LUÍSA VILLALTA?

- No CARTEL 10-ESTIMADA LUÍSA VILLALTA atopamos unha carta que lle fixo o alumnado do IES Monelos a Luísa Villalta, para así conmemoralala e facerlle un tributo dende o centro. Realiza ti tamén unha carta e exprésate mediante ela. Que lle contarías a Luísa Villalta? Que compartides? Por que a admiras e pensas que é unha figura de referencia? Como che fan sentir os seus poemas?

ACTIVIDADE DENDE O MÁIS ALÁ

Despois da morte de Luísa, moitos dos seus coñecidos decidiron deixar unhas palabras sobre ela nunha das homenaxes que se realizaron ese mesmo ano (CARTEL 9-PLENA EVOLUCIÓN CREATIVA)

- A morte é un feito doloroso na vida, pero todos debemos estar preparados para o momento no que chegue. No caso de Luísa, foi unha morte inesperada por todos e que creou gran conmoción no mundo da literatura galega. Agora, imaxina que viviras a túa morte

dende outra perspectiva e realiza un pranto sobre ti mesmo. Debes deixar claro cales son as túas afeccións, gustos e paixóns na vida. Podes escoller tamén o ton da composición, pode ser melancólico ou humorístico se lle queres dar un ton menos preocupado.

ACTIVIDADE O MARCO LITERARIO

- Luísa Villalta estaba dentro do círculo de escritores galegos importantes na época (CARTEL 8-FRANCISCO PILLADO E FERNÁN VELLO). Para coñecer un pouco máis cal era o círculo literario e as obras publicadas daquela, une os autores coas obras das seguintes columnas.

Os mortos daquel verán Manuel Rivas

O xardín das augas mortas Yolanda Castaño

O lapis do carpinteiro Carlos Casares

Cousas de ningures Francisco Castro

O libro das augas Lino Braxe

O corpo a corpo da luz Chus Pato

Elevar as pálpebras X.M.Álvarez Cáccamo

ACTIVIDADE HOMENAXE LUÍSA E XELA

Xela Arias foi unha poeta viguesa da década dos 80/90 que, desgrazadamente, tamén nos deixou demasiado nova. No 2014 realizouse

unha xornada literaria onde se poñía de manifesto a literatura das poetas. Mentres que Luísa está máis vinculada ao clasicismo estético, Xela Arias decidiu tornarse cara unha estética máis rock.

- Fai un cadro comparativo entre as similitudes e diferenzas entre Luísa Villalta e Xela Arias. Para realizalo, debes ter en conta: procedencia, temáticas das súas obras, movementos sociais aos que se vincula cada unha, estilo musical ao que poderíamos adscribir os seus poemas e persoas ás que vai vinculada as súas obras (profesores, xente de a pé, ilustres...)
- Elabora un cadro comparativo entre as similitudes e diferencias entre a fala de Coruña e Vigo. Para realizalo debes ter en conta a variedade dialectal, zona do mapa onde se ubican e a etimoloxía das palabras "Vigo" e "A Coruña".

ACTIVIDADE ADICATORIAS, SEMPRE EN PROSA

Na obra de Luísa Villalta hai varios poemas adicados a diferentes persoas (Ana Pillado, Francisco Pillado etc.), podemos escoitalo no CARTEL 7.

- Seguro que algunha vez pensaches en enviarlle unha carta a alguén e se che esqueceu algún dato despois. Escribe unha carta a Luísa Villalta onde engadas un post-data falando sobre os seus verso: *“Porque talvez,/ mañá sexa o recordo que me habita/ de tantas despedidas que amañecen,/ de tanto desguazar-se,/ para ser, ao fin, un ser con todo.”*

- Escribe un texto adicado ás túas amizades ao igual que Luísa Villalta. Podes aproveitar para recordar felices momentos, bromas, palabras chave que teñades etc.

8. TEMPUS, HISTORIA

Luísa Villalta estivo involucrada en moitas protestas contra os acontecementos que xurdiron na época dos 90/00. A defensa da lingua galega, a catástrofe de Prestige, a guerra entre Palestina e Israel entre outros tantos foron os motivos polos que se celebraron xornadas onde os expertos falaban e debatían sobre a situación política da época (CARTEL 6-UNHA MAREA NEGRA).

ACTIVIDADE PRESTIGE E PELLETS?

No mes de decembro de 2023 produciuse unha catástrofe natural que está poñendo en perigo a vida de múltiples animais mariños debido a un cargamento de pellets procedentes de envíos en Polonia. Podes ler o acontecemento na seguinte ligazón do Diario Nós:

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/pellets-plastico/20240104142218186376.html>

- Le a seguinte noticia e compara a situación do Prestige coa contaminación por pellets na praia de Noia. Fai un texto reivindicativo xunto cun lema e un debuxo ou imaxe que ilustre a túa postura a favor do ecoloxismo e a preservación natural do noso ambiente e praias.

- O Prestige marcou un antes e un despois nas catastrofes naturais en Galicia. Fílle unha entrevista aos teus familiares para coñecer como viviron ese acontecemento.

ACTIVIDADE GUERRA DE ISRAEL E PALESTINA

O 7 de outubro de 2023 reactivouse un conflito que está presente dende a formación do estado de Israel en 1948 e que enfrenta a palestinos e israelís dende fai máis de 75 anos. Presentamos dous enlaces sobre este problema. O primeiro é información sobre as causas que motivaron a última tensión:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Conflito_israel%C3%AD-palestino_de_2023

O segundo un artigo de opinión de Xulio Ríos, presidente de Honra do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), sobre as raíces do problema Israelí-Palestino titulado O imperio do mal publicado en Praza Pública o 3 de novembro de 2023:

<https://praza.gal/opinion/o-imperio-do-mal>

- Le os artigos e trata de reflexionar se é posible unha solución pacífica a este conflito ou seguirá sendo unha tensión permanente irresoluble.
- Na materia de Xeografía de Historia busca máis información aclaratoria e realízade un debate por se observades algunha solución.

9. MÚSICA MAESTRA!

A música conforme un pilar fundamental na vida e obra de Luísa Villalta (CARTEL 2-VIOLÍN).



ACTIVIDADE TODO VAI DE GUSTOS

Os gustos musicais entre a xente son bastante diversos. Luísa Villalta era unha amante da música clásica e todo o que rodeaba esas composicións. Moitas das súas obras teñen referencias musicais deste tipo de ambiente elevado.

- Tendo en conta os teus gustos musicais e os gustos musicais de antes, fai un cadro comparativo entre as características da música que escoitas e a que escoitan os teus pais ou avós. Para realizar o exercicio, debes preparar unha serie de preguntas e fixarte nas súas respostas. En que se diferencian? Quen son os autores máis coñecidos?

ACTIVIDADE ORQUESTRAS DE CATRO CORDAS

- Busca o significado das seguintes palabras "adagio", "schorzo", "allegre" e "finale" e esclarece que relación ten cos cuartetos de corda. De que instrumentos está composto unha orquestra?

10. A INMORTALIDADE DA FOTOGRAFÍA

A fotografía é un recurso de vital importancia para todos, alí retratamos as nosas vivencias e recordos, momentos que quedarán inmortalizados para sempre. No noso CARTEL 1, empregamos diversas fotografías de Luísa para compoñer a súa transición da nenez á adultez e, así, contrapoñer a visión da poeta nena e adulta.

ACTIVIDADE COLLAGE

O collage é un elemento moi importante na realización dos carteis xa que as fotografías de Luísa Villalta son un elemento moi importante dentro da súa ilustración vital. Inclusive, as fotografías tamén son importantes na obra de Luísa, máis concretamente en *Papagaio* (2006).

- Tendo en conta estes aspectos, elabora un collage con fotos túas da infancia e adolescencia relacionadas coa túa familia e amigos.

ACTIVIDADE SORRÍ PARA A FOTO

- "E eu quedo contemplando como pasa ante min a vida". Este é un verso de Luísa Villalta que fala sobre o paso do tempo. Todos somos expectadores da nosa vida, así que, elabora unha escea da túa vida pero como se a contemplaras dende un plano exterior.

ACTIVIDADE LUÍSA NENA E ADULTA

- Le o seguinte poema de Luísa Villalta para ampliar a temática da propia visión que podía ter Luísa Villalta sobre a súa "eu" da nenez:

Miro ese xesto que me lembra
cando eu era ti saindo á rúa
como ti saes á rúa e miras.

Ti eras eu saindo á rúa,
abrindo-che a porta con sorpresa
como agora, que miro, ti ma fechas.

Estou perdendo
unha parte de min que fica a un lado.
Miro-te e dis-me adeus sen dicer nada
e vexo-me a min que te comprendo
despedindo alguén
que agora son, e continuo.

Vixio o esplendor que me encamiña
e que me tende un sol de água como rumo.

Sei do xesto que me anúncia
e me transporta para ti, centro absoluto:
Procura-me na sede que me amplia,
xermina en min o fruto que te inclui,
traballa-me. Transforma-me en ti
sendo eu tan só, tan simplemente só
sendo tan todo.

Xira-me no inútil da lembranza
para que sexa o meu futuro reincidente.

Así, unha, outra vez,
ser eu tan só, tan simplemente só
sendo tan todo.

Porque talvez,
mañá sexa o recordo que me habita
de tantas despedidas que amañecen,
de tanto desguazar-se,
para ser, ao fin, un ser con todo.

- Como ben se pode observar no cartel principal da exposición (CARTEL 1), fixemos un xogo de fotografías entre a mirada da Luísa pequena e a Luísa adulta. Elabora un diálogo entre elas. Cales son as súas expectativas, soños, metas, preocupacións?
- Dun modo parecido, elabora unha carta ao teu eu pequeno. Que lle dirías? Cales son os mellores consellos que lle podes ofrecer?
- Tamén, no primeiro cartel realizamos un collage de fotografías sobre os ollos e boca de Luísa que proviñan de diferentes fotografías persoais. Agora, escolle ti un total de vinte fotografías túas e elabora un collage sobre os teus recordos da infancia, comparádoas con fotografías da actualidade.



11. BIBLIOGRAFÍA

As fontes empregadas tanto para a realización da unidade didáctica como para a exposición sobre Luísa Villalta proceden das seguintes obras ou ligazóns:

- Requeixo, Armando (ed.) (2020). *Luísa Vilallta. As palabras ingrávidas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Requeixo, Armando (ed.) (2023). *Luísa Villalta. Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*. Vigo: Galaxia.
- https://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=Lu%EDVilla&alias=Lu%EDsa+Villalta&solapa=obras
- <https://www.youtube.com/watch?v=1YKzhUo2PDE>
- https://gl.wikipedia.org/wiki/Francisco_Pillado_Mayor
- https://es.wikipedia.org/wiki/Itxaro_Borda
- https://es.wikipedia.org/wiki/Miguel_Anxo_Fern%C3%A1n-Vello

- <https://www.galiciapress.es/articulo/cultura/2024-01-08/4672632-real-academia-galega-inaugura-red-ano-luisa-villalta#:~:text=%22Lu%20Villalta%20es%20una%20escritora,aforismo%20y%20de%20car%20acter%20memorial%20distico.>
- <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=4178>
- <https://praza.gal/cultura/o-dia-das-letras-de-2024-para-luisa-villalta-a-escritora-e-musica-que-miraba-o-mundo-a-traves-da-poesia>

As fotografías empregadas nos carteis e na unidade didáctica foron cedidas para o uso educativo e proceden das seguintes fontes:

- Arquivo familiar da familia de Luísa Villalta.
- La Voz de Galicia. Autoría de Xosé Castro.
- El Ideal Gallego.

12. EQUIPO QUE PARTICIPOU NESTE PROXECTO EDUCATIVO

Esta unidade didáctica foi elaborada por un equipo interdisciplinario de docentes do IES Monelos (A Coruña), así como por un grupo de alumnado procedente do curso 1º de bacharelato, baixo a coordinación da profesora Montserrat Puíme Sabugueiro. A relación de colaboradores/as no proxecto é a seguinte:

- Departamento de Lingua Galega e Literatura.
- Departamento de Historia.
- Departamento de Educación Musical.
- Alumnado de 1º de bacharelato da materia Lingua Galega e Literatura, do que destacamos a: Martina Iris Estévez Domínguez, Eva López Pereira, Lucas Eiroa Osoro, Cristina Paz Pérez, María Rodríguez

Blanco, Nicolás Castro Fontela, Iria Díz Roca, Amalia García Blanco, Sara Mboudou Vilas, María Vázquez Fuentes, Jhonatan Cucuñame López, Inés Jaspe Rodríguez, Mía Esmorís Pellizzare, Laura Gómez Fidalgo e Martín Reyes Sánchez.